XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL



GUÍA DIDÁCTICA

Material elaborado nunha licenza de formación da Consellería de educación, ciencia, universidades e formación profesional convocada na RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de centros e recursos humanos, pola que se convocan licenzas de formación para o curso 2024/25 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión

AUTORÍA: Sara Fernández Louro e Fernando Pazos Pérez

ÍNDICE

	Páxina
1. XUSTIFICACIÓN	3
2. OBXECTIVOS DO RECURSO	5
3. CONTIDOS TRABALLADOS E SECUENCIA DESTES	6
4. COMPETENCIAS CLAVE	7
5. DESCRICIÓN DOS ODES: ESTRUTURA	12
6. METODOLOXÍA	15
7. SOPORTE E FERRAMENTAS	16
8. MEDIDAS CONCRETAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	17
9. AVALIACIÓN	20

1. XUSTIFICACIÓN

A incorporación de alumnas e de alumnos procedentes do estranxeiro ao sistema educativo galego é unha realidade que se vén incrementando ao longo das últimas décadas e un desafío para todas aquelas persoas que, por intervir directamente con este alumnado, deben ofrecer unha resposta educativa o máis axeitada posible ás súas necesidades, garantindo os principios de equidade e igualdade de oportunidades. A escola ten que ser unha contorna clave de compensación de desigualdades.

A *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, con relación á exención da materia de Lingua Galega establece no seu artigo 4.2 que "O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase". Cómpre, polo tanto, que o profesorado teña ao seu dispor eses materiais didácticos específicos aos que fai referencia dito artigo.

A finalidade do presente proxecto é a elaboración de materiais educativos dixitais (nivel iniciación) que resulten motivadores e accesibles para que o alumnado potencialmente destinatario poida acadar o nivel de competencia en lingua galega preciso para seguir con aproveitamento as ensinanzas que estea cursando, ou que vaia cursar, e por tanto, para potenciar a súa integración persoal, escolar e social na nova realidade que está a vivir.

O propósito é, polo tanto, elaborar materiais que resulten realmente versátiles e que poidan adaptarse a un alumnado con diversidade de capacidades, coñecementos previos, idade (educación primaria), historia escolar, etc. Deste xeito, as distintas actividades que integran esta proposta poderían ser empregadas e/ou implementadas nas seguintes situacións ou contextos:

- Na aula de referencia da alumna ou do alumno exento nas sesións da materia de Lingua Galega (terceiro ciclo de educación primaria; posibilidade de adaptalo para os primeiros cursos da ESO, dependendo do perfil do alumnado).
- Nas sesións nas que o alumno ou alumna reciba apoio por parte do mestre especialista en Pedagoxía Terapeútica e/ou Audición e Linguaxe como medida extraordinaria de atención á diversidade (Orde do 8 de setembro de 2021, artigo 57), de ser o caso.
- Alumnado pertencente a un agrupamento flexible (5º e 6º de educación primaria), segundo o establecido no artigo 56 da ORDE do 8 de setembro de 2021.
- O alumnado pertencente a un grupo de adquisición da linguas (educación primaria), tal e como se reflicte tamén na ORDE do 8 de setembro de 2021, artigo 68).
- Os alumnos e as alumnas que pertenzan a un grupo de adaptación da competencia curricular (2.º e 3.º ciclos de educación primaria), segundo o establecido no artigo 69 da ORDE do 8 de setembro de 2021.

Por outra banda, cómpre ter en conta que a inmersión no mundo dixital e tecnolóxico en idades tan temperás, desde 1º de educación primaria, resulta fundamental tendo en conta o papel primordial que ocupan na nosa vida diaria. Polo que cómpre preparar ao alumnado para desenvolverse nesta contorna tecnolóxica en constante evolución. Os materiais dixitais ofrecen numerosas vantaxes no proceso de ensino-aprendizaxe. O emprego de recursos interactivos variados e visuais captan a súa atención e estimulan a súa curiosidade, o que facilita a adquisición de novos coñecementos. Ademais, a utilización de dispositivos dixitais permite unha personalización da aprendizaxe, adaptándoo aos ritmos individuais, sempre como unha proposta integral e globalizadora.

Todo isto enmárcase dentro da Estratexia de Educación Dixital 2030, para que a dixitalización no ensino vaia moito máis aló da dotación tecnolóxica e supoña unha mellora da formación de alumnado e docentes, a través de iniciativas como a do proxecto que aquí se presenta.

2. OBXECTIVOS DO RECURSO

No que respecta aos obxectivos é preciso establecer unha diferenciación entre os obxectivos xerais do propio recurso e os obxectivos para o alumnado:

Obxectivos xerais do recurso:

- Proporcionar actividades integrais que teñan como finalidade a creación de situacións de aprendizaxe significativas que se poidan englobar en propostas didácticas máis amplas.
- Aportar recursos dixitais actualizados, atractivos e relevantes que posibiliten o uso das TIC na práctica docente.
- Asegurar a accesibilidade dos recursos dixitais a todo o alumnado, reducindo ou mesmo intentando eliminar a fenda dixital e dando acceso á educación de estudantes en zonas rurais, con recursos limitados ou con diversidade funcional.
- Facilitar recursos educativos de calidade que estean en liña cos estándares curriculares e en distintos formatos abordables para todos e todas.
- Dotar á comunidade educativa dunha plataforma sinxela e próxima de recursos educativos dixitais.
- Proporcionar á comunidade educativa recursos dixitais que poidan integrar nas súas programacións, e que estes sexan abertos e flexibles, de modo que o profesorado os poida adaptar ás súas necesidades.
- Proporcionar unha serie de recursos que sirvan tamén como avaliación no rendemento académico dos estudantes, na súa motivación e actitude de cara á aprendizaxe.

Obxectivos para o alumnado:

- Promover o uso efectivo da tecnoloxía no alumnado, axudándolles a desenvolver habilidades relacionadas co pensamento crítico, a resolución de problemas e a comunicación, sempre tendo en consideración o emprego responsable e ético da tecnoloxía.
- Promover a adquisición de coñecementos e habilidades a través da proposta de situacións de aprendizaxe prácticas e significativas.
- Recoñecer as TIC como un elemento cotiá da nosa contorna.

- Fomentar o cambio na metodoloxía no traballo da aula.
- Incorporar na práctica educativa o desenvolvemento das competencias dixitais.
- Crear recursos educativos dixitais accesibles para todos e todas, tendo presente o principio de equidade e igualdade de oportunidades e procurando un impacto positivo na aprendizaxe do alumnado.
- Adquirir unhas competencias básicas no alumnado de aproximación ao coñecemento da lingua galega, partindo da adquisición dun vocabulario de uso cotiá.

3. CONTIDOS TRABALLADOS E SECUENCIA DESTES

No que respecta ao número de secuencias didácticas completas ou ODE elaboradas no presente proxecto sobre a aprendizaxe do galego para estranxeiros foron varios os factores tidos en conta: 1) O alcance do proxecto (a todo o alumnado que sexa posible; 2) Os obxectivos de aprendizaxe (iniciación a un vocabulario básico); 3) A duración do curso (en calquera momento no que un alumno se incorpore ao sistema educativo; 4) O nivel dos estudantes (o proxecto está pensado para empezar desde o descoñecemento absoluto do idioma ou simplemente para ter unhas nocións básicas; será máis doado para alumnado cuxa procedencia de orixe sexa un país con fala románica).

Tendo en conta que as necesidades do alumnado poden ser moi diversas, os ODE son bastantes variados: o corpo, os números, os animais, as cores, etc. A duración total do proxecto dependerá tamén de cuestións individuais de cada alumno, e poderase realizar en varias sesións. Suxírese empregar as actividades propostas como un recurso máis de aprendizaxe da lingua galega, de aí a importancia que se integren noutro tipo de actividades docentes máis amplas.

Os ODE que integran este proxecto son os que se refiren a continuación, tendo en conta que se presentan na orde na que están pensados para ser impartidos:

- Unidade 1: o corpo
- Unidade 2: as rutinas: saúdos e cortesía. Os días da semana

- Unidade 3: os números
- Unidade 4: as cores
- Unidade 5: o colexio
- Unidade 6: a casa
- Unidade 7: a rúa
- Unidade 8: os alimentos
- Unidade 9: as froitas
- Unidade 10: as prendas de vestir
- Unidade 11: os animais
- Unidade 12: as persoas e os oficios
- Unidade 13: os medios de transporte
- Unidade 14: as accións

4. COMPETENCIAS CLAVE

Na LOMLOE aparece recollido que para garantir unha formación adecuada cómpre proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias, isto é, compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias e á tecnoloxía e á actividade física. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. A normativa apunta tamén que a metodoloxía didáctica buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave.

A continuación arguméntase como implementar este proxecto podería contribuír ao desenvolvemento das competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

O propio proxecto en si ten como obxectivo principal o desenvolvemento desta competencia para o alumnado procedente do estranxeiro que se enfronta por primeira vez ao noso idioma. A integración da CCL é fundamental, pois fomenta a capacidade de usar a lingua de maneira efectiva e adecuada en diferentes contextos. Todo o que está relacionado coa adquisición do vocabulario, a formación de pequenas frases tendo en conta as concordancias de xénero e número, as conxugacións verbais, a comprensión oral, a discriminación e memoria auditiva, a iniciación na lectoescritura… están estreitamente relacionadas co proxecto en si e coa CLL. É unha competencia fundamental a adquirir para alguén que non coñece a nosa lingua. A partir de aí deben desenvolverse outro tipo de actividades relacionadas con habilidades de comunicación oral (conversacións, actividades de comprensión e expresión oral mediante audios e vídeos, exposicións orais) e habilidades de comunicación escrita (conversión fonema grafema, expresión de pequenas frases ata chegar a frases máis elaboradas e sinxelos textos, correos electrónicos, cartas ou mensaxes en redes sociais; lecturas de textos narrativos, informativos, etc.)

Competencia plurilingüe (CP)

Trátase doutra competencia estreitamente relacionada co presente proxecto. A exploración nunha lingua cooficial permite poñer en relevo as distintas culturas, fomentar a sensibilidade intercultural e unha forma de empatizar con persoas que falen diferentes idiomas. A CP refírese á capacidade de usar varias linguas de maneira efectiva e consciente, así como de actuar como mediador entre culturas distintas. No ámbito da aprendizaxe do galego, esta competencia é fundamental para integrar o idioma no contexto máis amplo das linguas do resto do estado, das linguas europeas e das do resto do mundo.

Os recursos dixitais ofrecen unha oportunidade única para desenvolver a CP, xa que poden ser deseñados para fomentar non só o coñecemento do galego, senón tamén a comprensión intercultural e a capacidade de comunicarse en múltiples linguas.

A través da exposición a diversos formatos dixitais, os estudantes poden practicar o galego en contextos variados, dende conversacións cotiás ata escenarios profesionais. Ademais, os recursos dixitais permiten a integración de elementos culturais que enriquecen a experiencia de aprendizaxe e promoven unha maior empatía e entendemento entre falantes de diferentes linguas.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)

A integración das competencias matemáticas e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) na aprendizaxe do galego a través de recursos dixitais representa unha oportunidade para fomentar unha educación máis completa e interdisciplinar. Os recursos dixitais permiten abordar estas competencias dun xeito dinámico e interactivo, facilitando a comprensión de conceptos complexos e a aplicación práctica do coñecemento. A competencia matemática e as competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría son esenciais para a formación integral dos estudantes. A súa integración na aprendizaxe dixital do galego non só potencia o dominio da lingua, senón que tamén prepara aos estudantes para enfrontarse aos retos futuros dun mundo cada vez máis tecnolóxico e globalizado.

Competencia dixital (CD)

Esta competencia relaciónase coa capacidade, tanto oral como escrita, para entender e procesar a información en diferentes formatos dixitais, habilidade para empregar ferramentas dixitais como mediadoras na comunicación, competencia para o uso de diferentes linguas en contextos dixitais e o respecto e conciencia cara outras culturas nesta contorna. Na aprendizaxe do galego para estranxeiros, a competencia dixital é importante. Os estudantes que descoñecen a nosa lingua deben aprender a utilizar as tecnoloxías dixitais de forma segura e ética; explorar ferramentas dixitais que faciliten a aprendizaxe do galego, como aplicacións, plataformas en liña e recursos multimedia; fomentar a interacción entre os estudantes a través de foros, videoconferencias e redes sociais; etc. Na aprendizaxe das linguas utilizaranse as TIC para a busca de novo vocabulario, formas correctas de pronunciación e entoación, sobre ortografía, gramática, información sobre autores, xogos para asimilación de conceptos e práctica da propia linguaxe, reprodución da mesma,...

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

Esta competencia é fundamental no contexto dun proxecto como o que aquí se presenta. Está relacionada coa capacidade de reflexionar sobre un mesmo, sobre a reflexión do propio proceso de aprendizaxe e sobre a aceptación e promoción de cara a un crecemento persoal constante. Aprender unha lingua é precisamente isto, evolucionar como individuo a través da propia autoavaliación como persoas, sempre baixo a idea da aprendizaxe ao longo de toda a vida. Dominar unha lingua ou mellorar as habilidades comunicativas esixe que o alumnado practique de maneira regular repetindo exercicios de comprensión e expresión oral e escrita. Tamén relaciónase co fomento e actitude de seguir aprendendo e superándose despois de rematar o propio proxecto.

Competencia cidadá (CC)

A aprendizaxe dunha lingua a través dunha ferramenta dixital (como acontece neste caso), pode levarse a cabo individualmente, pero tamén como práctica colectiva dentro dun grupo de adquisición de linguas ou dun pequeno grupo nunha clase de AL e/ou PT. Tamén dentro dunha aula ordinaria co modelo DUA cando a persoa titora inclúe a actividade nun proxecto máis amplo. Nestes últimos casos fomentaríase a cooperación, a focalización nun obxectivo común, o uso de espazos e dispositivos de forma correcta e o fomento de actitudes de respecto, empatía e convivencia harmónica. Para que haxa comunicación ten que haber interlocutor e receptor, de aí que unha vez que o alumnado “arranca” cunha mínima soltura nunhas habilidades básicas na lingua, téñense que promover actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, contribuíndo á adquisición de habilidades sociais. A Competencia Cidadá é fundamental para integrar aos estudantes na vida social e cultura de Galicia, promovendo unha participación activa e consciente. Cando xa hai un dominio máis significativo da lingua, cómpre incluír contidos que aborden aspectos como a historia e a cultura de Galicia (a través dos refráns que engadimos), a importancia da participación cívica e fomentar tamén a interacción coa comunidade e o uso do galego en contextos reais. Completando estas habilidades coa proposta aquí presentada pódese crear un programa de aprendizaxe completo que non só ensine o idioma, senón tamén fomente a comprensión e a participación na cultura e sociedade galega.

Competencia emprendedora (CE)

A CE refírese á capacidade de converter ideas en accións, xerando valor para outros. Trátase, entre outras cousas, de fomentar a autonomía e o traballo en equipo. Coa aprendizaxe do idioma galego a través de recursos dixitais interactivos o alumnado, nun futuro, poderá aplicalos a contextos reais como por exemplo o desenvolvemento de proxectos empresariais que requiren comunicación efectiva e uso da lingua galega. As actividades dixitais propostas nos diferentes ODEs deben complementarse fomentando no alumnado a colaboración con falantes nativos e a participación en redes sociais ou foros en galego para mellorar as habilidades lingüísticas e emprendedoras.

Ao integrar a CE na aprendizaxe da lingua galega, estaremos promovendo non só o dominio do idioma, senón tamén habilidades valiosas para o desenvolvemento persoal e profesional dos estudantes. Cómpre adaptar as actividades e recursos ao nivel e intereses dos estudantes para maximizar o seu compromiso e aprendizaxe.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

A CCEC implica recoñecer, entender, apreciar e avaliar criticamente distintas formas de expresión cultural e artística. Neste proxecto procúrase fomentar o respecto pola diversidade cultural. Empréganse os recursos dixitais, moitos deles a través de presentacións interactivas e vídeos, de tal xeito que reflicten a rica cultura galega. Despois de superado o inicio do proxecto, e cando xa se teña unha competencia comunicativa aceptable, hai que completar esta aprendizaxe coa expresión creativa en galego (diálogos,narrativas sinxelas, debates e argumentacións orais, expresión de sentimentos). A CCEC pode integrarse con outras áreas do currículo, como historia, xeografía e arte, para proporcionar unha experiencia de aprendizaxe máis completa e interdisciplinar. Para elo cobra relevancia o fomento de proxectos colaborativos que conecten aos estudantes con comunidades de falantes nativos de galego, permitíndolles explorar a cultura galega de primeira man. Tamén haberá que desenvolver actividades que promovan a reflexión sobre a propia identidade cultural dos estudantes e como esta se relaciona coa cultura galega que están aprendendo.

Ao traballar a CCEC, estaremos axudando aos estudantes non só a aprender un novo idioma, senón tamén a conectar con el a un nivel máis profundo, apreciando a súa riqueza cultural e expresiva. Isto pode axudar a crear un ambiente de aprendizaxe máis dinámico e significativo.

5. DESCRICIÓN DOS ODES: ESTRUTURA

Tal e como xa se explicou con anterioridade, o presente proxecto está composto por 14 ODEs de temática variada e relacionada cos intereses do alumnado ao que vai dirixido.

A estrutura destes ODEs é semellante coa finalidade de que o produto final resulte realmente armónico e axude ao alumnado destinatario a facer un uso del o máis autónomo posible. A dita estrutura é a que se refire a continuación:



- Cada unha da unidades comeza e remata cun vídeo de presentación e de despedida respectivamente cuxa protagonista é Rosalía (unha personaxe creada con Intelixencia Artificial). Esta personaxe, por tanto, vai estar presente como elemento motivacional ao longo de todas as unidades que conforman o proxecto.

- Vídeo de vocabulario: a continuación preséntase un vídeo que contén o vocabulario básico de cada unha das ODEs. Este vocabulario preséntase por tres vías: visual ideográfica, auditiva e visual escrita. O coñecemento deste vocabulario é necesario para a realización das actividades que se propoñen con posterioridade.



- Actividades interactivas: unha vez presentado o vocabulario da unidade no vídeo anterior proponse a realización de diferentes actividades realizadas neste caso coa ferramenta Lumi (H5p) e que permiten que a alumna ou alumno que as leve a cabo reciba unha retroalimentación inmediata, tendo a opción de volver a intentalo se así o considera. Estas actividades, que se mostran en modo presentación, son variadas: completar enchendo os ocos, escribir, asociar, verdadeiro/falso, de selección múltiple, etc.

- Máis actividades: a continuación preséntanse diversas actividades de completar, escribir, escoitar, asociar, verdadeiro/falso, de selección múltiple, de formar parellas... todo isto coa intencionalidade de que aquelas alumnas e alumnos que as realicen poidan afianzar o aprendido. Estas actividades, realizadas con eXeLearning, permiten tamén recibir un *feedback* inmediato e realizar novos intentos. Algúns exemplos destas actividades son os que poden observarse nas imaxes que se presentan a continuación:







- O recanto dos xogos: son distintas tarefas de repaso do vocabulario traballado anteriormente dende unha perspectiva máis lúdica: adiviñas, xogos de memoria, sopas de letras, roscón tipo “papapalabra”, etc.

- Material complementario: nalgúns dos ODEs apórtanse tamén algún material complementario cuxa autoría está debidamente referenciada na documentación deste proxecto.

6. Metodoloxía

Cómpre enfocar a metodoloxía didáctica ao logro dos obxectivos e das competencias clave. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de

aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo (traballo cooperativo, titoría entre iguais), e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Tanto á hora de deseñar as actividades deste proxecto como para a súa implementación tivéronse en conta distintas orientacións pedagóxicas.

En primeiro lugar, tratouse de que as situacións de aprendizaxe planificadas se vinculasen con contextos próximos do alumnado, fomentando a súa motivación e o seu interese a través de presentacións en vídeos dinámicos e expresivos. Para presentar a información ao alumnado valoráronse distintos formatos para ter en consideración a súa capacidade de percepción e de comprensión e o uso da linguaxe, sendo aspectos susceptibles de seren revisados constantemente. A metodoloxía será áxil, dinámica, práctica, activa, participativa, motivadora e lúdica, promovendo o afondamento progresivo nos contidos. O emprego de recursos, soportes e contextos variados vén delimitado pola variedade das actividades contempladas e polo fomento de distintos agrupamentos (individual, parellas, pequenos grupos ou gran grande). Temos que ter tamén presente a perspectiva de xénero, por exemplo na inclusión de actividades que traten as unidades referidas ás profesións.

No apartado seguinte “Soporte e ferramentas” inclúense tamén varios criterios relacionados coa metodoloxía.

7. SOPORTE E FERRAMENTAS

O soporte escollido para a realización deste proxecto foi fundamentalmente a ferramenta eXeLearning, incluíndo materiais feitos en H5P con Lumi e Canva. Son ferramentas de software libre que ofrecen amplas posibilidades no ámbito educativo, especialmente para a creación de contidos dixitais interactivos. Esta elección xustifícase por varias razóns:

- Facilidade de uso e gratuidade. Ademais de tratarse dun recurso de código aberto, este software permite crear contidos educativos de maneira sinxela
- Os recursos creados poden ser facilmente adaptados e personalizados, engadindo ou quitando elementos segundo as necesidades dos docentes ou do alumnado.

- Accesibilidade: os obxectos de aprendizaxe poden ser creados e reproducidos con calquera navegador web (compatibles con HTML5) e funciona en calquera sistema operativo (Linux, Windows e MacOS) e en calquera dispositivo, incluídos os móbiles. Tamén permite exportar os contidos en diferentes formatos e incluir os contidos xerados en LMS como Moodle.
- Distribución e Compartición: os materiais elaborados poden ser publicados e compartidos en plataformas, repositorios e redes sociais, favorecendo a distribución libre do coñecemento.
- Diversidade de actividades. O programa permite incorporar distintos iDevices: de presentación de información de forma textual, de información non textual, actividades non interactivas (como unha actividade de visionado e escoita de vocabulario) e interactivas (encher ocos, preguntas de elección múltiple, verdadeiro-falso), etc.
- Adaptado ás necesidades. As múltiples opcións e posibilidade de contar con distintas actividades produce unha gran adaptabilidade (tanto das necesidades do proxecto como do alumnado). Porén, ademáis de Lumi e eXeLearning fíxose uso doutros programas e aplicacións como Canva, Pictoselector e Araword para os pictogramas de ARASAC, Audacity para a edición de audio, etc.
- Accesibilidade: admite a incorporación de contidos seguindo o principio de DUA, facilitando o acceso inclusivo aos contidos.

8. MEDIDAS CONCRETAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tendo en conta a Orde do 8 de setembro de 2021 ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Aínda que a atención á diversidade inclúa ao conxunto da aula, xa que todos e todas entramos neste concepto de diversidade, prestarase especial atención ao alumnado

con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), é dicir ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais (NEE), por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socio-educativa, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Pola súa parte, enténdese por alumnado que presenta NEE o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Por outra banda, para poder facer fronte a estes principios, actualmente temos un fundamento metodolóxico básico, o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), que ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade. O DUA procura:

- Asegurar que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.
- Incidir en todos os elementos do proceso educativo: na planificación de elementos curriculares prescritivos, nos medios ou recursos que se utilicen, na forma de empregalos, na metodoloxía, na avaliación, ou na organización dos agrupamentos, dos espazos e dos tempos.

Con todos estes conceptos: como é abordada a atención á diversidade neste proxecto?

- Adaptando os propios recursos dixitais, asegurando que o material dixital sexa accesible para estudantes con diferentes niveis de competencia tecnolóxica e que quen os aplique teña tamén acceso as posibles modificacións de software e hardware (distintos tamaños de texto, axuste do son, do teclado, contrastes de iluminación e brillo).

- Metodoloxías inclusivas: metodoloxías que promovan a inclusión, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, cooperativo, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos,... O maerial non ten por que empregarse individualmente só co alumno procedente do estranxeiro, pode formar parte dunha secuencia de aprendizaxe máis ampla, na que participen máis alumnos ou dentro dunha situación de aprendizaxe.
- Avaliacións diferentes, desenvolvendo sistemas de avaliación que recoñezan os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, permitindo adaptacións nos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Formando a outro profesorado e ensinándolles o produto final para que poidan ter unha formacións específica sobre como atender á diversidade cultural e lingüística do alumnado estranxeiro.
- Incluír este proxecto dentro de programas de Reforzo Educativo ou Adaptacións Curriculares (profesorado con dispoñibilidade horaria, profesorado de apoio).
- Completar este proxecto con outros contidos nos que se fomenten máis as competencias lingüísticas e nas que se represente a diversidade cultural de Galicia, así como das culturas de orixe dos estudantes.
- Poñendo en práctica todas as recomendacións recollidas nos distintos protocolos: TEA, TDAH, Discapacidade auditiva, intelectual, etc. E aplicando toda a normativa relacionada co alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, procedente do estranxeiro, con atención domiciliaria ou hospitalaria,...Existen medidas como son a repetición de curso, a flexibilización, os programas de Reforzo, Programas de recuperación de materias pendentes, Programas de adquisición de linguas, Programas de Competencia Curricular, etc.
- Actividades adicionais de ampliación e enriquecemento para o alumnado que remate as tarefas rápido.
- Inclusión de pictogramas asociados aos textos para seren máis accesibles ás persoas con TEA.
- Apoio textual nas audicións no caso de problemas de hipoacusia.
- Emprego de fontes de letras acordes coa “lectura fácil” e axeitada para alumnado con dislexia (Arial)

- Utilización de lupa ou proporcionar as actividades en formatos óptimos para o alumnado con dificultades na visión.
- Ofrecer medios técnicos, de apoio, ou variacións no uso de materiais en caso de dificultades motórica: punteiros, pulsadores, teclados adaptados,....

A atención á diversidade non só beneficia ao alumnado estranxeiro, senón que enriquece a todo o proceso educativo para todos e todas as persoas participantes. Dentro desta riqueza da que falamos atópase a promoción da convivencia. Entre as medidas que favorecen este aspecto podemos citar as seguintes:

- O proxecto en si, enmarcado nun Programa de Inmersión Lingüística (programas onde o alumnado teña unha maior exposición a situacións comunicativas en galego, empregando a lingua en contextos vivos, naturais, reais e significativos, como colaboración con entidades sociais ou proxectos comunitarios).
- Incluír no Plan de Convivencia, de acordo co *Decreto 8/2015, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar,* aspectos relacionados co noso proxecto: alumnado estranxeiro, procedencia, cultura, lingua galega,...
- Involucrar a toda a comunidade educativa para que participe en actividades relacionadas co alumnado novo procedente do estranxeiro: normas de convivencia, actividades de sensibilización sobre a importancia da igualdade, a tolerancia e o respecto.
- Creación de Programas de Formación do profesorado en técnicas de mediación e resolución pacífica de conflitos, integración deste alumnado, etc.

9. AVALIACIÓN

9.1. Avaliación do alumnado.

Neste apartado expoñeremos como se desenvolverá a avaliación do alumnado. En primeiro lugar explicarase a avaliación inicial; seguidamente, como se distribúen os criterios de avaliación por cada ODE e os intrumentos e criterios de cualificación.

9.1.1 Avaliación inicial.

A avaliación inicial vén establecida como algo prescriptivo, tanto para o alumnado en xeral que comeza cada curso, como para o alumnado procedente do estranxeiro, que é o noso caso, cando se incorpora en calquera momento do mesmo. Isto realízase a través dunha proba de valoración da competencia curricular, que inclúe a competencia comunicativa; tamén a través da valoración doutras competencias académicas, da revisión de informes e entrevistas coas familias, que corre a cargo das xefaturas dos Departamentos de Orientación (DO).

A valoración inicial do alumnado procedente do estranxeiro parte de coñecer a súa historia escolar a través do seu expediente. É dicir, trátase de coñecer en que curso estaba matriculado no seu país de orixe ou que cursos tiña completados. A partir de ai a xefatura do DO completa a avaliación inicial con algunha proba de competencia curricular: téñense en conta aspectos relativos á idade do alumno, a se procede dun país de fala hispana ou non, á posibilidade de estar exento ou non de Lingua Galega (5.º e 6.º de educación primaria). En canto á competencia comunicativa en si, dependendo de se vén dun país de fala hispana ou non, valorarase o seu nivel de comprensión e expresión oral e escrita. No caso de alumnado con descoñecemento absoluto de calquera das dúas linguas oficiais, a avaliación inicial pode partir de probas adaptadas, de tradutores, ou de probas nas que non estea implicada a linguaxe en si pero que nos poidan dar unha idea aproximada da súa capacidade cognitiva e estilo de aprendizaxe. A observación é fundamental neste primeiro momento.

9.1.2. Distribución de criterios de avaliación por UD. Indicadores de logro.

ODE	Criterio de avaliación	Indicador de logro
O corpo humano	**Capacidade de comprender de forma oral vocabulario básico.**	- Amosa interese para realizar as actividades.

	Competencia para ler e comprender palabras escritas de uso común.	- Amosa interese en comprender oralmente o vocabulario. - Entende o vocabulario presentado. -Memoriza auditivamente as palabras escoitadas. - Recoñece de forma verbal o vocabulario escoitado. - É capaz de reproducir e repetir verbalmente as palabras escoitadas. - Manifesta respecto de cara a aprendizaxe dunha nova lingua. - Amosa interese para realizar as actividades. - Amosa interese en comprender o vocabulario escrito. - Entende o vocabulario escrito. - Identifica e memoriza visualmente as palabras escritas.

		- Relaciona o vocablo oral coa súa correspondencia escrita. - Iníciase na lectura das palabras coa correspondente conversión grafema fonema. - Manifesta respecto de cara a aprendizaxe dunha nova lingua.
	Habilidade para escribir palabras de forma clara e coherente.	- Amosa interese para realizar as actividades. - Amosa interese en escribir as palabras. - Iníciase na escritura das palabras coa correspondente conversión fonema grafema. - Manifesta respecto de cara a aprendizaxe dunha nova lingua.

En canto á avaliación das Competencias Clave temos que partir de dúas premisas. Por unha banda, deseñando criterios de avaliación claros, concisos e medibles, tales como os que aparecen na táboa que presentamos a continuación. Deben describir o

que se quere valorar e o que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Por outra banda, para cada competencia clave, estas veñen desenvolvidas a través duns descritores operativos (os descritores de desempeño que tamén recollemos na táboa). Estes relaciónanse coas competencias específicas y cos criterios de avaliación nas distintas áreas, e que veñen á súa vez reflexados nas ODES. Ao avaliar estes criterios de avaliación estamos avaliando os descritores operativos, é dicir, estamos avaliando as competencias do alumnado.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN DE DESEMPEÑO	NIVEL DE DESEMPEÑO
Capacidade de comprender de forma oral o vocabulario básico.	Comprende e responde de maneira correcta e completa a unha ampla variedade de vocabulario básico.	Excelente
	Comprende e responde correctamente á maioría do vocabulario básico presentado.	Bo
	Comprende e responde correctamente a algunhas palabras básicas, pero con erros ocasionais.	Suficiente
	Ten dificultades significativas para comprender e responder ao vocabulario básico.	Insuficiente
Competencia para ler e comprender palabras escritas de uso común	Comprende e interpreta correctamente unha ampla gama de palabras escritas de uso común.	Excelente
	Comprende a maioría das palabras escritas de uso común e pode inferir o significado de	Bo

	palabras descoñecidas a partir do contexto.	
	O estudante comprende palabras escritas de uso común pero pode ter dificultades co significado de palabras menos frecuentes ou con matices.	Suficiente
	O estudante ten dificultades significativas para comprender palabras escritas de uso común e non pode inferir o significado a partir do contexto.	Insuficiente
Habilidade para escribir en medios dixitais palabras de forma clara e coherente.	Escribe con claridade e coherencia, utilizando un vocabulario adecuado ás estruturas gramaticais correctas.	Excelente
	O estudante escribe de forma maioritariamente clara e coherente, con algúns erros menores que non afectan a comprensión.	Bo
	O estudante escribe con claridade ocasional, pero os erros gramaticais ou de vocabulario poden dificultar a comprensión.	Suficiente
	O estudante ten dificultades significativas para escribir de forma clara e coherente, con múltiples erros que afectan a comprensión.	Insuficiente

9.1.3. Instrumentos e criterios de cualificación.

O propio recurso dixital educativo xa funciona de por si como un instrumento de avaliación. O profesorado, a través da observación, pode ir vendo como o vai realizando, vai visualizando os erros e acertos, e tamén o propio alumno ten un feedback directo e instantáneo ao comprobar por si mesmo se vai completando ben as distintas actividades.

Ademais, os criterios de avaliación deste proxecto, que recollemos anteriormente nunha táboa, avaliaranse mediante táboas de indicadores (mediante un rexistro de rúbricas). Neste proxecto de aprendizaxe do galego a través de recursos dixitais para estranxeiros non ten cabida uns criterios de cualificación con porcentaxes por trimestres como se adoita facer nunha programación didáctica nunha materia. Cómpre lembrar que está pensado para alumnado que acaba de comezar o curso, que pode incorporarse en calquera momento deste, que ten un descoñecemento total do idioma, e que non está integrado nunha área curricular. Non o integramos na área curricular de Lingua Galega.

Ten un carácter máis competencial para poder desenvolverse na nova contorna na que vai participar, non só como medio para afrontarse a outras áreas curriculares que tamén se imparten en Lingua Galega, como son Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, senón tamén, e sobre todo, como competencia de vida: falar, comunicarse, relacionarse socialmente, integrarse no grupo, na escola, na comunidade.

9.2. Avaliación da proposta educativa e do seu desenvolvemento.

Para avaliar o desenvolvemento deste proxecto atenderase ao grao de cumprimento dos seguintes indicadores de logro (sinalando Si, Non ou Parcialmente):

Indicadores de logro	SI	NON	PARCIALMENTE
Adecuación ás características e necesidades do alumnado.			
Facilitouse a información correspondente aos docentes.			

As actividades do proxecto foron óptimas para acadar os obxectivos propostos.			
O deseño das actividades axustouse ao número de sesións.			
Aplicáronse medidas de atención á diversidade e foron efectivas.			
Máis do 80% do alumnado superou as actividades do proxecto de forma significativa e con éxito.			
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.			
Houbo implicación do profesorado no traballo do alumnado.			
Houbo implicación das familias no traballo do alumnado.			

A información intercambiada co persoal docente realizarase fundamentalmente mediante intercambios orais. A observación de posibles necesidades e/ou propostas de cambio detectadas servirán para facer as modificacións e axustes necesarios nas seguintes ODE (se a avaliación fose negativa) ou continuar na mesma liña de traballo (se os resultados fosen positivos). En caso necesario tamén se realizará unha revisión máis exhaustiva das necesidades de atención educativa.

A avaliación desta proposta educativa está deseñada para asegurar que os obxectivos de aprendizaxe se cumpran de maneira eficaz. Isto inclúe a capacidade do alumnado, máis a longo prazo, de comunicarse en galego, a súa comprensión da cultura galega, e a súa habilidade para usar recursos dixitais, e a curto prazo, máis centrado na nosa proposta, en adquirir unhas nocións básicas e vocabulario de uso común en galego.

Os propios exercicios interactivos servirán de autoavaliación para que a rapazada reflexione sobre a súa propia aprendizaxe. As ferramentas dixitais que se empregan son actividades do tipo: escolle a opción correcta, escribe o nome, asocia son e imaxe, verdadeiro falso, completar ocos en branco, arrastrar e soltar palabras, etc.

O *feedback* dos estudantes é un compoñente crítico no desenvolvemento da nosa proposta educativa. Regularmente solicitamos a súa opinión para axustar e mellorar os contidos e os materiais didáctico - dixitais. A proposta educativa está suxeita a unha revisión constante. Isto asegura que os materiais e métodos de aprendizaxe se manteñan actualizados e relevantes para as necesidades do alumnado.

Ao finalizar o conxunto de cada ODE os resultados da avaliación deben demostrar unha mellora significativa na competencia lingüística dos estudantes (un repertorio básico de palabras). Ademais, teremos que observar un aumento na súa confianza e motivación para seguir aprendendo galego.

Resulta imprescindible tamén avaliar a propia práctica docente. Para iso apórtase o seguinte cadro:

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE		
Aspectos a ter en conta:		
Indicadores e aspectos a avaliar	Reflexións trala posta en práctica	Proposta de mellora
Claridade dos obxectivos da unidade		
Adecuación dos materiais e recursos utilizados		
Xestión do tempo e organización das actividades.		

Promoción da participación e colaboración entre os alumnos.		
Promoción da participación e colaboración entre os alumnos.		
Avaliación continua do progreso dos alumnos.		
Reflexión sobre a práctica docente e adaptación das estratexias de ensino.		